

CAMPIONATO GALEGO DE NATACIÓN ALEVIN

Tempada 2008-2009 - Circular 08-21

1.- ORGANIZACIÓN, DATAS E SEDES.

1.1.- O Campionato Galego Alevín celebrarase os días 6 e 7 de xuño de 2009 en Vigo na piscina de As Travesas.

1.2.- O Campionato Galego Alevín celebrarase a nivel rexional en dúas xornadas cunha sesión de mañá e outra de tarde cada unha delas.

1.3.- A hora de inicio para a primeira xornada será de 11:00 h. para a sesión da mañá e de 17:30 para a da tarde. A segunda xornada comezará ás 10:00 e ás 17:00 h. respectivamente.

1.4.- A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes polo menos unha hora e media antes do inicio de cada sesión e media hora despois da súa finalización, así como o día previo ao Campionato en horario de tarde e previa solicitude dos Clubs interesados ao Club organizador. Os nadadores teñen dereito a realizar o quecemento ata 10 minutos antes de que comece a sesión.

2.- PROGRAMA DE PROBAS.

1ª XORNADA - 1ª SESIÓN (11.00 HORAS)	1ª XORNADA - 2ª SESIÓN (17.30 HORAS)
1. 100 ESTILOS MASCULINO	9. 200 ESTILOS MASCULINO
2. 100 ESTILOS FEMININO	10. 200 ESTILOS FEMININO
3. 1500 LIBRE MASCULINO	11. 200 BOLBORETA MASCULINO
4. 400 LIBRES FEMININO	12. 200 BOLBORETA FEMININO
5. 100 COSTAS MASCULINO	13. 200 COSTAS MASCULINO
6. 100 COSTAS FEMININO	14. 200 COSTAS FEMININO
7. 100 BRAZA MASCULINO	15. 4 X 200 LIBRE MASCULINO
8. 100 BRAZA FEMININO	16. 4 X 200 LIBRE FEMININO
2ª XORNADA - 1ª SESIÓN (10.00 HORAS)	2ª XORNADA - 2ª SESIÓN (17.00 HORAS)
17. 400 LIBRES MASCULINO	25. 400 ESTILOS MASCULINO
18. 800 LIBRES FEMININO	26. 400 ESTILOS FEMININO
19. 200 BRAZA MASCULINO	27. 100 BOLBORETA MASCULINO
20. 200 BRAZA FEMININO	28. 100 BOLBORETA FEMININO
21. 100 LIBRES MASCULINO	29. 200 LIBRES MASCULINO
22. 100 LIBRES FEMININO	30. 200 LIBRE FEMININO
23. 4 X 100 LIBRE MASCULINO	31. 4 X 100 ESTILOS MASCULINO
24. 4 X 100 LIBRE FEMININO	32. 4 X 100 ESTILOS FEMININO

(As probas nº 1 e nº 2 unicamente se levarán a cabo se a piscina onde se nada a competición é de 25 metros. Se esta fose de 50 metros non se nadarán estas probas, manténdose a numeración do resto de probas.)

3.- PARTICIPACIÓN.

3.1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

Masculino: nacidos 1996-1997

Feminino: nacidas 1997-1998

Nadadores con discapacidade funcional e/ou visual das anteriores categorías.

3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas neste regulamento e que acrediten ter realizadas as marcas mínimas que se indican na presente normativa. Para os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual haberá unha soa marca mínima para a categoría non facendo distinción entre idades.

3.3.- Cada nadador poderá participar como máximo en tres probas individuais e en todos os relevos. Os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual só poderán participar nas probas indicadas no Anexo I.

3.4.- Non existe limitación en canto ao número de nadadores por Club e proba.

3.5.- Cada Club poderá inscribir un só equipo de relevos por proba e categoría sempre que teña acreditada a marca mínima, ben por suma de tempos de 4 nadadores en probas individuais, ou realizada nun relevo con nadadores comprendidos nas categorías de referencia.

3.6.- Un nadador que non participe nunha proba para a que estea inscrito non poderá participar en ningunha outra na mesma sesión, agás se fose dado de baixa, segundo as normas do Art. 9 do libro IV do Regulamento Xeral da FEGAN.

4.- INSCRICIÓN.

4.1.- Realizaranse empregando a base de datos ou planilla correspondente á competición de que se trate e serán remitidas á Federación por correo electrónico (inscripciones@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, a "acta de preinscripción" que o propio programa xera en formato pdf (preferible) ou word. Remitirase tamén o impreso correspondente cos datos dos nadadores que participen unicamente en relevos.

4.2.- As inscricións deberán obrar en poder da FEGAN antes das 20:00 horas do 27 de maio (mércores) de 2009, sendo responsabilidade do Club que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida.

4.3.- Os nadadores con discapacidade realizarán a inscrición segundo o Anexo II da presente normativa.

5.- FÓRMULA DE COMPETICIÓN.

5.1.- Disputaranse todas as probas contra o reloxo.

5.2.- Os criterios de puntuación serán os seguintes:

a) Para puntuar será preciso referendar a marca mínima da proba.

b) Para a puntuación só se terán en conta como máximo dous nadadores por club en cada proba individual, con independencia dos que participasen. Os clasificados despois non serán puntuados, corréndose o dereito a puntuación ao seguinte na clasificación que non sexa dese mesmo club.

c) A efectos de clasificación final por clubs, só se terá en conta as 16 mellores puntuacións, tanto en proba individual como equipos de remudas.

d) A puntuación nas probas individuais será a que asigna a táboa FINA (Fina Point Scoring 2008) para cada marca. A puntuación dos nadadores con discapacidade funcionais ou visuais será a que asignan as táboas de compensación. Os nadadores clasificados para a final A ou B que causen baixa, sexan descualificados ou non se presentasen obterán a puntuación correspondente á marca da eliminatoria. Os nadadores só poderán puntuar unha vez por proba, obtendo a puntuación da mellor marca válida feita na proba.

e) A puntuación nas probas de remudas será a que asigna a táboa FINA (Fina Point Scoring 2008) para cada marca.

f) A clasificación final virá dada pola valoración de táboa FINA (Fina Point Scoring 2008) e a táboa compensada para os nadadores con discapacidade.

6.- CLASIFICACIÓN.

6.1- Faranse as seguintes clasificacións:

a) Total masculina en probas individuais mais as remudas.

b) Total feminina en probas individuais mais as remudas.

c) Total conxunta. Será necesario ter competido en ambas categorías, aínda cando non se obtivese puntuación nunha delas. O Club que obteña maior puntuación será proclamado Campión Galego de natación Infantil de Inverno/Verán.

7.- TÍTULOS E PREMIOS.

7.1.- Entregaranse medallas aos tres primeiros clasificados en cada proba masculina e feminina e ano de nacemento. Medalla os tres primeiros clasificados nas categorías de discapacidade funcional e/ou visual segundo o criterio que figura nas normativas do Comité Paralímpico Internacional de Natación(IPC Swimming).

(Pódese descargar a normativa desde o apartado de circulares da FEGAN)

7.2.- Trofeos aos Clubs campións en cada unha das clasificacións indicadas na presente normativa.

8.- MARCAS MÍNIMAS.

8.1.- Segundo Circular FEGAN.

MASCULINO			Proba	Conv	FEMININO	
Ano 97	Ano 96	Conv			Ano 97	Ano 98
		0,70	50 Libres	0,40		
1,18,50	1,12,70	1,60	100 Libres	1,00	1,18,50	1,22,50
2,53,00	2,36,20	3,40	200 Libres	2,40	2,53,00	3,01,50
6,05,00	5,36,00	7,20	400 Libres	5,20	5,58,00	6,20,00
			800 Libres	11,90	12,15,00	12,50,00
23,21,50	21,15,00	29,50	1500 Libres			
		0,30	50 Bolboreta	0,30		
1,33,00	1,27,00	1,30	100 Bolboreta	0,80	1,33,00	1,37,60
3,24,00	3,12,00	3,10	200 Bolboreta	2,40	3,24,00	3,34,20
		1,10	50 Costas	1,00		
1,30,00	1,24,00	2,50	100 Costas	2,20	1,30,00	1,34,50
3,10,50	2,59,50	5,70	200 Costas	5,70	3,10,50	3,20,00
		0,80	50 Braza	0,60		
1,37,50	1,31,00	2,30	100 Braza	2,00	1,37,50	1,42,00
3,30,00	3,17,00	6,00	200 Braza	4,50	3,30,00	3,40,50
1,29,50	1,23,00		100 Estilos		1,29,50	1,34,00
3,13,00	3,00,00	4,90	200 Estilos	3,10	3,13,00	3,22,60
6,50,00	6,23,50	10	400 Estilos	7,50	6,50,00	7,07,50
		1,60	4 x 50 Libres	1,60		
5,16,00		6,40	4 x 100 Libres	4,00	5,25,00	
11,50,00		13,60	4 x 200 Libres	9,60	12,10,00	
		2,90	4 x 50 Estilos	2,30		
5,55,00		7,70	4 x 100 Estilos	6,00	6,08,00	

As marcas mínimas da presente táboa refírense a piscina de 25 metros con cronometraxe electrónica.

8.2.- Os tempos deberán ter sido acreditados a partir do 1 de setembro de 2008.

8.3.- Marcas mínimas para deportistas con discapacidade.

Campionato de Galicia de Natación Alevín Verán e Inverno						
Mínimas Femininas Nadadoras con Discapacidade						
	100L	200L	100E	100B	100M	200S
S1	7:24.64		7:24.64	7:38.11		
S2	5:50.32	12:48.02	5:50.32	4:29.48		
S3	3:22.11	6:44.23	3:22.11	3:22.11		8:58.96
S4	3:08.63	6:24.01	3:01.90	3:22.11		5:50.32
S5	2:41.69	5:16.64	2:48.43	3:08.63	2:55.16	5:23.38
S6	2:28.21	4:29.48	2:34.95	2:55.16	2:34.95	4:56.42
S7	2:14.75	4:09.27	2:24.18	2:41.69	2:14.75	4:36.22
S8	1:54.53	3:42.32	2:01.27	2:14.75	1:54.53	4:09.27
S9	1:47.79	3:28.85	1:47.79	2:01.27	1:41.05	3:49.06
S10	1:34.32	3:15.37	1:42.41		1:37.01	3:42.32
S11	2:14.75	4:09.27	2:24.18	2:41.69	2:14.75	4:36.22
S12	1:47.79	3:28.85	1:47.79	2:01.27	1:41.05	3:49.06
S13	1:47.79	3:28.85	1:47.79	2:01.27	1:41.05	3:49.06
Mínimas Masculinas Nadadores con Discapacidade						
	100L	200L	100E	100B	100M	200S
S1	8:45.48		8:45.48	9:05.70		
S2	6:17.27	13:28.44	6:03.80	6:44.23		
S3	4:29.48	9:39.38	4:42.96	4:22.74		9:25.90
S4	3:55.80	9:12.44	4:02.53	3:42.32		7:04.43
S5	3:01.90	6:44.23	3:15.37	3:28.85	3:15.37	6:30.75
S6	2:55.16	5:36.85	2:55.16	3:15.37	2:55.16	6:03.80
S7	2:48.43	4:56.42	2:41.69	3:01.90	2:41.69	5:36.85
S8	2:08.01	4:29.48	2:28.21	2:55.16	2:48.43	5:23.38
S9	1:55.87	3:55.80	2:14.75	2:34.95	2:14.75	4:42.96
S10	1:45.10	3:35.58	2:08.01		2:08.01	4:36.22
S11	2:48.43	4:56.42	2:41.69	3:01.90	2:41.69	5:36.85
S12	1:55.87	3:55.80	2:14.75	2:34.95	2:14.75	4:42.96
S13	1:55.87	3:55.80	2:14.75	2:34.95	2:14.75	4:42.96

As mínimas da presente táboa serán as mesmas para piscina de 25 e 50 metros con cronometraxe electrónica.
A categoría de braza e estilos, serán as correspondentes á SB e SM, do certificado que acredita a discapacidade.

A Coruña, 30 de setembro de 2008

Secretaría Xeral FEGAN

ANEXO I

PROBAS E CATEGORÍAS

As probas para os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual son:

100L	200L	100E	100B	100M	200S
S1-S13	S2-S13	S1-S13	S1-S9 S11-S13	S5-S13	S3-S13

ANEXO II

1.- A inscrición dos nadadores con discapacidade deberá de enviarse acompañada da FICHA DE VALORACIÓN FUNCIONAL na que se determina a clase na que están encadrados para cada estilo. No caso de non ter a ficha expedida pola FEDDF, deberán obtela, no seguinte centro:

FIMEGA

(Dr. Carlos Alonso Hernández)

Avda. Eduardo Pondal, 68 baixo (a 200 m da Estación de Autobús e Tren)

Pontevedra

Teléfono: 986868544

É necesario solicitar cita previa, especificando que é para unha valoración funcional para a Federación Galega de Natación.

O custo da valoración (30 euros) correrá a cargo do deportista.

Para facilitar a avaliación é conveniente achegar os informes de lesión, se se teñen.

2.- As marcas de inscrición, deberán terse conseguido en competicións oficiais, ben do calendario da FEDDF ou da FEGAN.

3.- Tanto no Campionato Galego como nas demais competicións da FEGAN onde participen, aplicarase por parte dos Xuíces e Árbitros da competición, as recomendacións contempladas no Manual de Árbitro de Natación (CNA) no apartado N.18 Nadadores Discapacitados

<http://www.fegan.org/cms/content/view/4/5/>

4.- No momento de tramitar a licenza de deportista, deberá advertirse que se trata de un nadador con discapacidade.